

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 3 de xuño de 2008 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases para a concesión de determinadas axudas destinadas ao apoio das explotacións porcinas e cunícolas para a realización de accións tendentes á mellora da calidade das súas producións, baseadas na execución de programas de prevención sanitaria.*

A orde da Consellería do Medio Rural do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2008) establece as bases para a concesión de axudas excepcionais que en réxime de concorrencia competitiva se lles poderán conceder aos titulares de explotacións porcinas ou cunícolas galegas para sufragar gastos realizados en determinadas actuacións de prevención sanitaria nas súas explotacións, e convócanse para o ano 2008.

No artigo 13 desta, detállanse as aplicacións orzamentarias e o importe económico previsto para o financiamento das devanditas axudas, e no parágrafo 13.2, sinalase que os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financian poden incrementarse con fondos estatais ou autonómicos, de ser procedente.

Procede ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas, dado que se dispón de remanentes de crédito no mesmo programa de gasto.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e facendo uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:**

Artigo único.

1. Ampliase a dotación orzamentaria que se establece no artigo 13 da orde desta consellería do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro), pola que se establecen as bases para a concesión de determinadas axudas destinadas ao apoio das explotacións porcinas e cunícolas para a realización de accións tendentes á mellora da calidade das súas producións, baseadas na execución de programas de prevención sanitaria e convócanse para o 2008.

2. O incremento da dotación será de 300.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2008 11 03 713 E 770.3 e de 972.330 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2008 11 03 713 E 770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na devandita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

*Disposición adicional*

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na mencionada Orde do 28 de decembro de 2007.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2008.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

*Resolución do 16 de maio de 2008 pola que se publican os convenios de colaboración suscritos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) no primeiro cuadrimestre de 2008.*

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publícase a relación dos convenios de colaboración suscritos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural-Agader no primeiro cuadrimestre de 2008, que figuran no anexo.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2008.

Edelmiro López Iglesias  
Director xeral de Axencia Galega de  
Desenvolvemento Rural

**ANEXO**

Asinantes	Obxecto	Data da sinatura	Achega de Agader
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, USC, Asociación de Empresarias da Coruña, Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo, Asociación de Empresarias e Profesionais de Ourense, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra e Agader	Desenvolvemento das accións do programa de microcréditos para mulleres	26-2-2008	Sen achega económica
Agader e a Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia	Colaboración para a implantación dun sistema de transporte público adaptado para persoas con discapacidade ou dependentes e persoas maiores de sesenta e cinco anos.	21-4-2008	80.000 €
Agader e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	Execución de actividades de promoción do desenvolvemento rural de Galicia	3-1-2008	15.000 €
Agader e a entidade Dabalper, S.L.	Posta en marcha dunha tenda multiservizo no marco do Plan piloto de tendas multiservizo	22-2-2008	100.000 €